

NOTA

SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN A ESPAÑA RURAL: ¿CONTINUIDADE OU CAMBIO POLÍTICO? (1968 - 1982)

Os días 26 e 27 de outubro o Proxecto de Investigación do MINECO: **"Movilización social y poder local: La España rural entre la continuidad y el cambio político (1968 - 1982)"** dirixido polo membro de HISTAGRA Daniel Lanero Táboas celebra un Seminario de investigación no que os/as investigadores/as que conforman o proxecto e outros/as especialistas convidados exporán as investigación realizadas ao abeiro do desenvolvemento do mesmo.

Aínda que se trata dun encontro entre especialistas, este Seminario estará aberto a calquera persoa interesada no tema.



Sobre o Seminario:

Título: A ESPAÑA RURAL: ¿CONTINUIDADE OU CAMBIO POLÍTICO? (1968 - 1982)

Horario: 9:30 a 20:00 (xoves 26); 9:00 a 20:00 (Venres 27)

Lugar: Biblioteca do Consello da Cultura Galega (Praza do Obradoiro, s/n, Pazo de Raxoi, 2º andar, Santiago de Compostela)

Colabora:

Sobre o Proxecto:

O obxectivo do Proxecto de Investigación no que se enmarca o Seminario é avanzar no estudo, o coñecemento e a caracterización da sociedade rural española durante os anos finais da ditadura franquista e o proceso de transición á democracia (1968 - 1982). Este propósito asume dúas variables de investigación centrais, que están á súa vez interrelacionadas e son fortemente complementarias:

- As manifestacións de conflitividade social e de mobilización política no mundo rural do período estudado (1968 - 1982).
- A supervivencia de determinadas estruturas, prácticas e poderes políticos no mundo rural español no tránsito do franquismo á democracia.

Ligazóns de interese:

<http://histagra.usc.es/gl/investigacion/007424245f6b/>

<http://histagra.usc.es/gl/persoa/daniel-lanero/>

Máis información:

Grupo de Investigación HISTAGRA
histagra@usc.es / 881812734

Daniel Lanero Táboas
daniel.lanero@usc.es

Colabora: